



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR USO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA PISTA DE KARTING DA MAGDALENA.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

De conformidade co disposto nos artigos 20 e seguintes do RD. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa por uso e prestación de servizos na Instalación Deportiva Municipal de Pista de Karting, que se rexerá pola seguinte Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o obxecto ou feito imponible desta exacción, a utilización das instalacións deportivas municipais da Pista de Karting na Magdalena. A utilización das instalacións deportivas municipais, será libre e permitida a todos os cidadáns sen prexuízo de que poidan establecerse, ocasionalmente, restricións en función da capacidade das instalacións, como consecuencia das actividades e programas deportivos que se determinen.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos e están obrigados ao pago destas Taxas, todas as persoas que utilicen as instalacións ou gocen dos servizos da pista de Karting.

Artigo 4º.- Devengo.

As Taxas devengarase cando se inicie a prestación do servizo, ou a utilización do dominio público, mediante a solicitude de prestación ou de acceso as instalacións.

Artigo 5º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederán exencións na exacción desta Taxa, sen que poidan considerarse beneficios tributarios, a gradación das tarifas en función do custo do servizo e da capacidade económica das persoas que han de satisfacer as taxas, a tenor do disposto no artigo 24 do RD. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Poderanse establecer convenios de colaboración entre o Concello e distintas entidades (Federacións, Clubs, Escolas de Formación ou similares) que, como contraprestación pola utilización das instalacións presten algún servizo ao Concello de Forcarei. Nestes supostos poderase bonificar a tarifa ata o 100%.

Artigo 6º.- Normas de Xestión.

O pago das taxas establecidas no Anexo I desta Ordenanza, realizarase mediante o ingreso nas contas habilitadas a tal efecto, en entidades colaboradoras autorizadas polo Concello de Forcarei, e sempre con carácter previo ao comezo do uso das instalacións ou á prestación dos servizos correspondentes.

Para o suposto de actividades que teñan un carácter continuado, o ingreso das taxas establecidas, realizarase no momento de darse de alta e nas sucesivas renovacións, podendo fraccionarse o pago, previo ingreso da cota correspondente á inscrición. Nestes casos, a renuncia á utilización das instalacións, non outorgará dereito algún de devolución do importe das taxas aboadas, salvo que a



renuncia se presente cunha antelación mínima de 5 días antes a data do inicio da actividade ou utilización.

Así mesmo, establecece como forma de pago e só para as modalidades de motos e karts, o pago con tarxeta de débito nas propias instalacións do circuíto. Para este suposto, será imprescindible que a capacidade do circuíto, fixada en 25 motos e 25 karts (incluídas as reservas) o permita, e logo da cumprimentación da solicitude, achega da documentación requirida se proceda ao pago con tarxeta de débito ou crédito no terminal que se facilitará e segundo as taxas que se reflexan no Anexo I desta ordenanza; para esta modalidade, non se considerará, salvo causas de forza maior, a posibilidade da devolución do importe da taxa satisfeita.

Artigo 7º.- Normas Complementarias.

As tarifas establecidas, correspóndense con cada un dos servizos ou utilizacións que nas mesmas se contemplan; o ingreso da taxa, faculta ao usuario ao goce das instalacións aínda que, con carácter xeral, cada unha das actividades, servizos ou usos que se presten ou autoricen e que se relacionan no antecedente das tarifas, é independente en si mesma, e o goce simultáneo de dous ou máis, dará lugar á exacción das taxas correspondentes a cada unha delas.

O persoal encargado, poderá esixir ao usuario a exhibición dos documentos que acrediten o ingreso das taxas, a titularidade da solicitude, así como os demais documentos requiridos para acceso ás instalacións (dni, xustificante do seguro de danos propios e a terceiros, etc)

Así mesmo, a celebración de actos, eventos ou espectáculos públicos nas instalacións, requirirá a autorización expresa do Concello de Forcarei.

Artigo 8º.- Infraccións e Sancións

Constitúen infraccións:

- a) A produción de deterioracións ou danos que se ocasionen nas instalacións deportivas ou de recreo.
- b) A alteración da orde no interior do recinto.
- c) O incumprimento das normas de utilización da instalación, así como a desobediencia ao persoal encargado das mesmas.
- d) A utilización das instalacións deportivas ou de recreo para fins distintos aos previstos na súa autorización.
- e) Calquera outro incumprimento das obrigacións contraídas ao obter a autorización. Para a gradación das infraccións reguladas no apartado anterior, atenderase á clasificación contida na Lei 7/1985, de 2 de abril, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, dependendo da intencionalidade ou negligencia do infractor e da gravidade da infracción cometida. Devanditas infraccións, levarán aparelladas multas en contía cuíos límites fixa o artigo 141 da mencionada Lei.

A infracción mencionada no apartado a) do presente artigo, dará lugar á obrigaçión de reintegro do custo total da reparación ou reconstrución, ademais da multa correspondente, así como a imposibilidade de utilizar calquera instalación deportiva municipal por período de un ano dende a comisión da infracción ou dano.

Se os danos fosen irreparables, a indemnización á que se refire o parágrafo anterior, consistirá nunha suma de diñeiro igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe ou deterioración dos danados de forma irreparable.



Artigo 9º.- Disposición final.

A presente Ordenanza, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do dito día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición derogatoria.

Queda derogada expresamente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais da pista de karting A Magdalena, aprobada polo Pleno da Corporación de Forcarei en sesión de data 09/06/2008, publicada no BOP número 163 de data 25/08/2008.

ANEXO I . TARIFAS:

	Empadroados (antigüidade mínima 1 ano)	Non empadroados	Fin de semana ou festivo	Días de semana	Pago no circuíto (só con Tarxeta)
Por utilización de kart (pista compartida).	10€/día	20€/día			30€
Por utilización de motos (pista compartida).	12€/día	25€/día			35€/día
Por utilización de outros vehículos (barquetas, speed car quads ou similares)			75€/día	40€/día	Non Dispoñible
Por utilización de turismos(pista compartida)			400€	300€	Non Dispoñible
Por utilización do circuíto para competición non oficial			600€/día	250€/día	Non dispoñible
Por utilización en exclusiva do circuíto para espectáculos			1000€/día	1000€/día	Non dispoñible



Presentación de vehículos			750€/día	500€/día	Non dispoñible
Cursos de Condución*			45€/alumno/día	25€/alumno/día	Non dispoñible
PUBLICIDADE		Módulo fixo de 1 m2/ano Zona A: 60€ (Fronte entrada do Circuito e Pista)			
		Módulo fixo de 1m2/ano: Zona B: 40€ (Fondo e Laterais do circuito)			
		Stands de ata 20m2: 50€/día Stands de máis de 20m2: 70€/día			

*Para grupos de menos de dez alumnos, a utilización da instalación será en réxime de pista compartida.